

Solidariedade Obreira

Franza arde. Por que non?

Ardeu París, e Montpellier, Nantes, Marsella, Reims, toda a Franza. Prenderon nas universidades fogueiras de raiba, lumieiras de dignidade. Como final dunha carreira feroz de liberalización económica, privatizacións, precarización do mundo do traballo, desarticulación de toda cobertura social, reclusión d@ diferente e isolamento en infames guetos suburbanos (sub-humanos), aparez unha masa de revoltad@s pedindo máis, pedíndo-o todo.

Organizad@s desde a base e a autoxestión, superando a burocratización e os dirixismos, facendo da asemblea e o grupo de afinidade-acción os piares da organización, @s estudantes botan-se à folga, fechan as universidades e levan à rua o seu berro de angustia: **Queremos futuro e presente!**

Que piden

@s revoltad@s definen con claridade as súas demandas: retirada de todas as leis que foron precarizando o traballo desde primeiros dos 70, expropiación das empresas privatizadas, aceptación de tod@s @s inmigrantes, inversión en educación e servizos públicos, amnistia...

A loita

Axiña chega a loita à rua: as barricadas cortan as ruas, arden os bancos, ocupan-se estacións de trens, concellos, centros comerciais, sindicatos de empresáris, cámaras de comercio e industria. É un enfrentamento directo co poder. É unha materialización concreta da guerra de clases. Unen-se @s obreir@s atendendo à chamada directa que fan @s estudantes nas fábricas. O 28 de Marzo hai folga xeral. A loita está a piques de acadar un punto de non-retorno.

Mas aquí entran os meios de comunicación e os sindicatos "oficiais" (homónimos dos nosos UGT e CCOO). Os primeiros banalizan o movemento e converten unha protesta global nun desacordo co famoso Contrato de Primeiro Emprego. Ao tempo criminalizan aos elementos violentos e fan-nos pasar por una minoría incontrolada e desligada d@s estudantes pacífic@s que pensan loitar coas urnas. Os sindicatos, pola súa banda, colocan-se à cabeza deste novo movemento ficticio que só loita contra o CPE.

O fin

E chega o final. Villepin retira o

famoso CPE mentres consegue facer pasar o resto do ordeamento precarizador que vai proscreber à miséria e à reclusión à metade da populazón francesa. Os sindicatos anotan-se unha vitória de cara ao tv, ao tempo que afofan unha rebelión popular que os colocaria en má situación. @s estudantes voltarán às aulas e farán os seus exames, mais a súa loita xa foi unha vitória.

E aquí, que pasa?

No entanto, a situación da clase obreira no Estado Español é bastante peor. Continúan os despidos, Expedientes de Regulación de Emprego, "accidentes"... e agora cai-nos unha nova Reforma Laboral que nos coloca ao nivel de pura mercadería-forza xeradora dunha riqueza intanxíbel para nós e sen máis dereito que o de tragar. Os nosos "sindicatos" firman con man alegre.

E non será xa hora de que prenda Madrid, e Barcelona, Bilbo, Sevilla, Iruña?

(Unha faísca de dignidade: a folga indefinida d@s compañeir@s de Mercadoná en Catalunya. Obreir@s, mulleres, inmigrantes ultra-precarizad@s. A vitória vai ser vosa, de toda a Confederación).

Subvencións soben 44% Soldos soben 4%

Os sindicatos que participan nas eleccións sindicais (todos menos a CNT) reciben cada ano da Xunta de Galicia cuantiosas subvencións en concepto de : desenvolvemento de actividades

ordinárias, formación de cadros e delegados sindicais e asesoramento.

No ano 2005 recibéron 1.522.583 • (DOG 28/12/04). Para

o ano 2006 recibirán 2.192.437 • (DOG 04/01/06). Para ti negocian a conxelación das retribucións, ou subidas do 3 ou 4%. **PARA ELES negocian subidas do 44%.**



GALLEGOS FUERA

150.000 GALLEGOS INCIVILIZADOS ROBAN EN SUIZA LOS PUESTOS DE TRABAJO DE NUESTROS HIJOS

SUIZA PARA LOS SUIZOS

Por que é boa a inmigración

aprende-o na páxina 3

A PE DE FOTO

Unha bandeira menos

Diante do derrubamento do poste coa bandeira xigante levantada polo alcalde Paco Vázquez na praia de Riazor, xuramos que foi cousa dos elementos e desmentimos rotundamente a participación da CNT nos feitos. A quen se lle poido ocorrer colocar a bandeira máis grande da Galiza (española e na Coruña, por suposto) no medio dunha praia que podería bater récords como parque eólico! Agora a praia de Riazor quedou máis despexadiña, sen bandeira e sen Paco Vázquez, e os coruñeses respiran un pouco mellor. Viva o vento!



As pensións galegas, as piores

As pensións na Galiza son as máis baixas de todo o estado español. A pensión contributiva média é de tan só 531 • ao mes, un 26% menos que a media estatal que é de 636,58 •. As pensións máis altas son as de Euskalerría con case 800 •. Ourense e Pontevedra non chegan aos 500 •.

e depresión). Son uns 450 docentes os que recoñecen estaren afectados polo «síndrome do profesor queimado».

As baixas por estes motivos no sistema educativo supón a perda de 162.662 xornadas no Estado Español. O custo económico asociado é tamén elevado, dado que as baixas son de longa duración, e necesitan persoal de substitución.

O docente que padece esta situación soe presentar síntomas como irritación, tensión, medo a acudir ao centro, etc. As estimacións indican que 8 de cada 10 docentes experimentan situacións psicosomáticas, e 2 de cada 10 admiten padecer estrés, porén só un 3,1 % pede a baixa laboral.

«Baixa» para 450 docentes galegos

Canto menos 1,5 % dos 30.000 docentes de Primaria e Secundaria solicitan baixas temporais por enfermidades psiquiátricas (estrés

Solidariedade Obreira

Solidariedade Obreira é unha publicación periódica editada pola Confederación Nacional do Traballo da Galiza.
Dep. Legal:
Compostela, Maio 2006



Presentación

Baixo o nome «Solidariedade Obreira» nace hoxe un xornal que quere render homenaxe á rebelión dos traballadores e traballadoras facendo o que é o noso deber: seguir fomentando esa rebelión. Este pequeno periódico non é máis que un instrumento para conseguilo; o outro instrumento é a rebelión e a solidariedade, a unión dos traballadores e traballadoras para cambiar o mundo.

Non estamos inventando nada: outros e outras nos precederon na loita por un mundo distinto do que nos tocou vivir, e nós usamos o mesmo nome que lle deron antes, tanto na Galiza como fóra dela. Eis a lista dos nosos antecesores na nosa terra, até onde nos é posi-

ble reconstruí-la:

- En A Coruña
- S.O. 1ª época 1920
- S.O. 2ª época 1924
- S.O. 4ª época 1947?
- S.O. 5ª época 1990?
- S.O. 6ª época 2006
- En Vigo
- S.O. 1ª época 1920
- S.O. 2ª época 1922-25
- Pasa a Compostela:
- S.O. 3ª época 1925-30
- Pasa á Coruña
- S.O. 1930-36

É unha historia complexa, como o é a da CNT, sempre perseguida, encarcerada e clausurada, pero sempre renacida para dar voz aos que non a teñen. Que nos dure!

Enderezos da CNT

A Coruña

Rua Washington, 36, baixo 15002 A CORUÑA Tel/Fax: 981 90 40 44 Correo Electrónico: corunha@cntgaliza.org Correspondencia: Apdo 928 15080 A CORUÑA

Compostela

R/ García Prieto, 24-28 15706 COMPOSTELA Tel: 981 590 910 Fax: 981 534 256 Correo Electrónico: compostela@cntgaliza.org Correspondencia: Apdo 590 15780 COMPOSTELA (A COR.)

Vigo

R/ Príncipe, 22, 1º Local 34 36202 VIGO (PONTEVEDRA) Tel: 886 116 558 Fax: 986 113 803 Correo Electrónico: vigo@cntgaliza.org

Lugo

Apdo 65 27080 LUGO lugo@cntgaliza.org

Ourense

Apdo 91 32080 OURENSE ourense@cntgaliza.org

Pontevedra

Apdo 91 32080 OURENSE pontevedra@cntgaliza.org

Betanzos

Apdo 95 15300 BETANZOS (A CORUÑA) betanzos@cntgaliza.org

Comité da Rexional Galáica

galiza@cntgaliza.org

**Non sexas
o xogete do
patrón
Afilia-te á C.N.T.**



Solidariedade Obreira

A favor da directiva Bolkestein

Quizá resulte chocante mostrarse a favor dunha normativa que parece tan lesiva aos dereitos dos traballadores. Cremos que neste caso, como en outros, fíxose unha lectura demasiado rápida do texto, pois, se ben é certo que non é defendible unha lexislación que permita que traballadores doutras zonas de Europa sexan explotados na nosa a costa, ademais, do empeoramento da nosa situación, non é menos certo que todos nós, tanto os de aquí como os de alí, poderíamos beneficiarnos moito aproveitando o seu espírito.

Trataremos de explicarnos: consideramos que esta normativa, que en modo ningún podemos consentir que se aplique aos traballadores, podería ser de gran utilidade para o conxunto da poboación se a aplicamos a outros colectivos menos numerosos.

Como xa todos sabemos, o fundamental e máis meritorio do texto consiste en que traballadores dun país da Unión Europea poderán traballar noutro aplicándolles a lexislación laboral e os salários do país de orixe. Supoñemos que está pensado (quizá sexa unha excesiva desconfianza) para que as grandes empresas poidan contratar man de obra procedente dos países do Este sen necesidade de trasladar física-mente as fábricas. Iso, visto así, é unha desfeita e un

desastre para todos, os do este e máis os do oeste. Desbotémolo. Pero a idea non é mala.

Tomemos a clase política. Un parlamentario polaco gañará moitísimo en comparación cos traballadores polacos, pero probablemente sexa unha ganga comparado cos nosos políticos. De conseguirmos (xa que, segundo parece, a CNT non vai acabar co Estado a curto prazo) que os políticos polacos se nos presentasen aquí ás eleccións mantendo os salários do seu país (bastaría como programa electoral a redución de gastos), gañarían sen nengunha dúbida. O beneficio sería para todos: nós os anarco-sindicalistas, que non votamos pero temos que pagar os impostos como todo o mundo, beneficiaríamos. Os

demais traballadores españois, dos que algún vota, pois tamén, e aínda encima cunha promesa electoral cumprida (alabado!). Os polacos, sen dúbida os máis beneficiados, quedarían sen parlamento e, se cadra, dábanse conta de que non só é fácil, senón tamén útil e positivo facelo.

Quizá ao principio fose un pouco desconcertante: o noso parlamento abandonando todas as linguas ibéricas á súa sorte e usando unha lingua incomprensible aínda que teña o mesmo nome que o catalán. Pero, sinceramente ¿notariámolo no máis mínimo? En Polonia, coa desaparición do Goberno, o máis probábel é que o arrebolar das campás, por aquilo de celebra-lo, fose un pouco molesto só ao principio.

Unha breve historia das reformas laborais

Ou por que cada unha que nos cai é peor que a anterior

1980

Co presidente Adolfo Suárez, cai o "Estatuto de los Trabajadores" de xeito que se instaura o actual modelo sindical baseado na representación delegada en Comités de empresa e Xuntas de persoal. Un voto cada catro anos, unha visita cada catro anos dos representantes sindicais para pedir o voto, un exército de liberados sindicais, unha ferverza interminábel de sub-vencións, un sistema de rou-bo instaurado polos sindicatos via cursos de formación, etc.

1984 e 1994

Co presidente Felipe González, socialista, seica. O paro aumentou até un 23% e houbo unha perda do poder adquisitivo dos salários dun 30%. E aínda non entrara o euro! Con Felipe aparecen os contratos lixo e as ETT's, tamén chamadas "Axencias de Escravidade Legal". Os condicións laborais son desreguladas e multiplican-se os beneficios empresariais.

1997

Con José Mari Asnar, do Partido Popular, chegou outra reforma laboral co resultado de: abaratamento do despido, perda de prestacións sociais, aumento da precariedade laboral en paralelo

a un incremento das subvencións aos empresarios.

2002

Con José Mari, outra reforma laboral, pero un pouco máis do mesmo. Perden-se os salários de tramitación e impide-se o acceso ao subsidi-dio do réxime especial agrá-rio.

2006

A reforma que nos propón o «socialista» Zapatero é un aumento da precariedade sobre as democráticas bases do despido libre e barato, a legalización das axencias privadas de colocación con ánimo DECLARADO de lucro, a eliminación da autorización administrativa para os despidos colectivos, un novo machetazo às pensións, un endurecemento ao acceso a prestacións de incapacidade laboral e unha penalización da xubilación anticipada. Mentres, os nosos deputados autonómicos repasan a súa táboa salarial e soben-se un 10% os salários.

Lembra que para este ano de

2006, as subvencións que reciben as mafias que agora toman o nome de "sindicatos representativos" recibirán un 44% máis en concepto de subvencións pero os salários e pensións "sobren" entre un 3% e un 4%. E lembra que os sindicatos que participan nas eleccións sindicais (todos agás a CNT) reciben cada ano da Xunta de Galiza cuantiosas subvencións en concepto de:

1. Desenvolvemento de actividades ordinarias.
2. Formación de cadros e delegados sindicais.
3. Asesoramento.

O sindicatos representativos receberam en 2005 1.522.583 euros (Diario Oficial de Galiza, 28/12/2004). E en 2006 recibirán 2.192.437 euros (DOG, 4/1/2006).

Por favor, non esquezas que para ti os sindicatos representativos negocian a conxelación das tuas retribucións pero eles negocian subas do 44%.

En fin, rematando, os seus intereses non son os nosos intereses.

Información, loitas, convenios, etc:

www.cntgaliza.org
www.cntgaliza.org
www.cntgaliza.org

Por que é boa a inmigración

A estratexia dos beneficios empresariais

Hai catro espazos nos que a inmigración está a facer un importante aporte á sociedade galega e ao modelo económico imperante.

1- A inmigración como renovación populacional das sociedades demográficamente agotadas e envellecidas.

2- A inmigración como aporte de novas masas de consumidores que renovan os mercados e a produción.

3- A inmigración como relevo social, potenciador da incorporación ao mercado laboral de poboación autóctone que estaba vinculada ao mundo doméstico.

4- A inmigración como coesionador de identidades rexionais e estatais.

1- A inmigración como renovación populacional de sociedades demográficamente agotadas e envellecidas.

A Galiza ten unha natalidade moi baixa, como o conxunto do estado, e de Europa. A súa taxa de natalidade é unha das máis baixas do mundo, tanto que nen a chegada de inmigrantes compensa as necesidades do sistema de Seguridade Social.

Ademais posúe unha poboación básicamente envellecida. Este facto fai-na máis fráxil e dependente de recursos humanos externos. A balanza está desequilibrada e son maiores os gastos en pensións e medicamentos dos seus poboadores que os aportes.

Ao anterior une-se que é social e economicamente pouco atractiva ás migracións. Sobre todo polas taxas altas de precariedade e informalidade das relacións laborais. É máis, segue a expulsar poboación non só cara a outras zonas de Estado senon ao estranxeiro.

2- A inmigración como

aporte de novas masas de consumidores que renovan os mercados e a produción

A inmigración ven pois a aportar un ar renovador, en case todos os aspectos. Un deses aspectos é incremento da demanda, do consumo. Son un grupo que require alimentos, vestidos, que arrenda pisos, que se diverte, que compra coches, etc. Aínda cando envía o seu diñeiro ao estranxeiro, aos seus propios países, fai aportes ao sistema financeiro.

Os inmigrantes ingresan no mesmo sistema de consumo que o resto da poboación, ese é seu maior indicador de integración, o que fai o mercado. Ademais expande o comercio, en canto demandan novos produtos, aparecen alimentos, produtos novos.

O mercado de traballo viu-se beneficiado desta man de obra barata e en boa medida cualificada, á que absorbe na informalidade,

para riqueza dos empregadores e detrimento do sistema de benestar de todos, pois moito deste ingreso non é declarado nen á seguridade social.

De maneira que estes aportes sociais da inmigración están a ser canalizados cara a beneficios privados, que non fan os aportes correspondentes vía impostos, nen á facenda nen á seguridade social; o cal conta coa complicidade de sectores da administración que mantén un sistema xurídico-administrativo que fai posíbel este funcionamento, en realidade o que se está a perseguir mediante a vixente "Ley de extranjería".

3- A inmigración como relevo social.

A inmigración está a provocar unha revolución silenciosa ao posibilitar o relevo das mulleres autóctones das actividades domésticas, relevando-as das actividades



dese ámbito e colocando-as a disposición do mercado de traballo (que, xa dixemos, caracteriza-se pola precariedade). A maior parte dos contratos que teñen os inmigrantes (a enorme maioría das mulleres estranxeiras) inscribíse no campo do traballo doméstico: cuidado de persoas ancianas, de meniños e meniñas, limpeza, cuidado de persoas enfermas, etc.

As mulleres inmigrantes traballan no mundo doméstico en condi-

Continúa na seguinte páxina

O Patrimonio Sindical Histórico, a CNT e os "Amigos de botar a man"

A ninguén pode resultar-lle estrano ou fora de lugar que a día de hoxe, aínda, a CNT teime na reclamación para que se lle restitua o seu patrimonio, é dicir, os locais sindicais que a organización adquiriu, as contas bancarias, os enseres que contiñan os locais, as maquinarias, as imprensas, os filmes, os arquivos, etc.

Dicia que non pode resultar estrano. Por qué? Porque desde 1975 a CNT espera que se faga xustiza, agarda que aquilo que foi roubado por Francisco Franco lle sexa devolto. Só iso. Tan só iso. Na andaina do proceso, a CNT sufriu todas as más mañas e artimañas que uns modernos progresistas como os de Felipe González ou reaccionarios directamente como os de José Mari Aznar, tiveron a ben deseñar e aplicar contra a nosa organización, sempre co obxectivo de penalizar, discriminar ou incluso criminalizar ao único sindicato que non come nas mans dos modernos xa que, simplemente, non admite nen solicita subvencións do Estado.

Se cadra alguén pode pensar que o labor reivindicativo a prol da devolución do Patrimonio Sindical Histórico impediu ou dificultou o crecemento da CNT porque ficaba á espera de que lle caíran do ceo varios centos de miles de euros. Pois non. O labor militante cenetista fixo en paralelo un desenvolvemento paseniño pero seguro da estrutura organizativa do sindicato de xeito que, hoxe en

día son xa dúcias os locais adquiridos pola CNT e non á conta da futura entrega do Patrimonio Sindical. Por exemplo, e para non saír da Galiza, a CNT adquiriu dous locais en A Coruña e Vigo, e dispón dun outro en Compostela, fruto dunha ocupación que durou máis de 20 anos e que permitiu a negociación co Ministerio de Traballo para que se cedera á Federación Local un baixo procedente do Patrimonio Sindical Acumulado. Non estabamos, eis, a vé-las vir. Estabamos en marcha e así continuamos.

A CNT non mira cara o pasado. A CNT camiña cara o futuro, o seu futuro, e mentres pon en pé unha estrutura organizativa asentada en sindicatos asamblearios que actúan baixo principios de representación directa e sen subvencións sindicais, e sen liberados sindicais, dous cancros do actual sindicalismo que convertiu o modelo sindical do Estado español nun novo e máis moderno "Sindicalismo Vertical" herdado da ditadura franquista.

Pero o camiño que a CNT ten decidido andar, confirmado e requete-confirmado nos seus congresos, non está exento de atrancos e de ataques. Practicar o sindicalismo de base, asambleario e de acción directa atrai inimigos de todas as cores, tanto gubernativos como de "organizacions amigas". Dos primeiros, ren que dicir. Dos segundos, algo máis. Durante anos, a CNT leva aguantando

estoicamente que unha escisión promovida polo Partido Socialista Obreiro Español (PSOE) e que actualmente serve de correa de transmisión para que os últimos estalinistas acovachados no glorioso Partido Comunista de España (PCE), esté de xeito permanente facendo-nos a puñeta. E en relación co tema que nos ocupa, o Patrimonio Sindical Histórico, resulta difícil de admitir que a estas alturas da xogada apareza esa "organización amiga" reclamando algo así como 150 locais do Patrimonio Sindical Histórico da CNT, segundo a documentación entregada no Ministerio de Traballo pola CGT.

Ese tipo de actuacións son propias de LADRÓNS. E carecen da máis mínima graza, canto menos para nós.

Que en xaneiro de 2006, a CGT, escisión da CNT, apoiada no seu momento polo goberno do PSOE e hoxe infiltrada polo PCE, teña a santísima cara de reclamar "derechos históricos" sobre o Patrimonio Sindical da CNT, e que en Febreiro de 2006 declare nos seus escritas que os locais que reclama fraudulentamente "nos fueron arrebatados ilegal e ilegítimamente" por Francisco Franco, pode chamar á conmisericordia e a recomendar que pasen polo médico de cabeceira para tratar-se moi a fondo. Mais non. O que produz é vergoña allea. O que produz é desprezo pola práctica sectaria, mentireira e inxusta co que actúa

a CGT a respecto da nosa organización que non procura outra cousa que retrasar e dificultar a devolución a CNT dos bens que lle foron incautados por Francisco Franco.

Ou sexa, o que Franco nos roubou, agora, quere-o roubar a CGT.

Escreber e estalar que "muchos de nuestros sindicatos que ya estaban creados en septiembre de 1936" deben, agora, en 2006, reclamar locais do Patrimonio Sindical Histórico da CNT, debería mover á reflexión ás bases honradas da CGT para despois preguntar á dirixencia e á comandancia da CGT (que está no PCE) a causa deste tipo de actuacións e de comportamentos que tan só logran semear fondas desconfianzas, iso si, empolvadas con dimes e diretes de "bon rollito", de "unidade de acción pola base", etc. Na miñavila, a isto chaman-lle coitelada trapeira.

Que nos deixen en paz. Abondo temos con facer medrar a nosa organización.

Vivide das subvencións e apañade todos os cartos que poidades dos cursos de formación. Pedide máis cada ano. Pedide máis e máis liberados sindicais. E que vo-los pague, claro, o Estado.

Mas o que non vos pertence, non o toquedes. Por respecto. Por decencia. Se a tendes.

Abolición da escravitude

A normalización e frivolidade do drama da escravitude chega ao máximo coa creación de ANELA (Asociación Nacional de Empresarios de Locales de Alterne), dándolle acollida na engranaxe do libre mercado a estes «empresarios respetables» que, como non, xa tiveron a súa entrevista co goberno paritario ZP (Revista ANELA nº 9; xaneiro 2005), para asentarse nas bases da futura legalidade en torno aos dereitos dos empresarios, da normalización do sector e para lembrar-lles aos que mandan a pasta que perden por non explotar tamaño recurso!!!!

Reivindican que as mulleres («chicas») coticen no réxime de autónomas a prol dos dereitos dos empresarios (e din que tamén delas). Non rematamos de entender as estupefactas lectoras ese réxime de «autonomía» cando só eles se proclaman os seus patróns.

Nunca ningún goberno dun «estado de benestar» tratou a escravitude da infancia, dunha raza pola outra ou nengunha outra forma de escravitude de cara á galería como algo que «sempre existiu, existe e sempre existirá» (como avoga esta nova patronal) e nunca se propuxo a súa solución pola vía da legalización en prol dos dereitos das escravas e do ben do libre mercado.

Non imos permitir que a escravitude específica da muller sexa normalizada.

Manuel Crego, secretario de ANELA residente en A Coruña e propietario do clube «La luna de Bergondo» mire debaixo do coche.

Por que é boa a inmigración

cións aínda máis desventaxosas do que as galegas (xa vulneradas) e deixan entrever a hipocresía da lóxica monetaria pois seus xefes e xefas son principalmente persoas de unha suposta grande cualificación cultural da sociedade de "acolida".

Outro paradoxo é que crecentemente persoas que proveñen do "Terceiro Mundo", son as que están ao cuidado de meniños, meniñas e persoas maiores, pois os proxenitores non teñen o tempo requerido, xa non é posible, para a maioría da populación, compaxinar adecuadamente a vida do traballo coa vida familiar.

4- A inmigración como coesionador de identidades rexionais e estatais.

Hai dúas imáxens tóxicas, perversamente alimentadas polos medios (TV, periódicos e rádio, cinema) da inmigración como ameaza: supón-se que incrementan a delincuencia e o terrorismo; que son portadores de costumes primitivos violentos e que promoven a desestruturación cultural e a erosión dos valores do mundo oci-

dental, entre outras cousas.

Todo o cal resulta paradoxal, pois o mundo occidental caracterizouse pola súa violencia: guerras mundiais, conquistas sangrentas, imposición forzada do cristianismo, escravismo, destrución da natureza en aras das industrias e o mercado...etc.).

Os inimigos son os bárbaros (o termo inventouse na idade clásica de occidente) os extranxeiros, pobres e ademais musulmanos, ou sexa fanáticos e incultos.

Desde logo a populación está máis sensible aos problemas que xera a inmigración que polo déficit de vivenda pública, a precariedade do traballo, en endevidamento progresivo dos fogares ou a pobreza da política cultural. Entre outros tantos problemas.

A inmigración é unha "bendición" en todos os sentidos para a orden establecida. Encima alimenta a sensación de bondade (agora hai tanta xente a que axudar) base do traballo das ONGs e do voluntariado social e con iso os valores xudeu-cristiáns (sen contar coa alegría cristiá ao incrementar-se o número de feligreses),

moitos sindicatos incrementan seus beneficios derivados da administración de cursos e servizos asistenciais para o Estado e os empresarios. As empresas Temporais fan o Agosto todo o ano. O proxenetismo incrementa-se na mesma medida.

Só se ergue como un pequeno desafío ese grupo de novos empobrecidos, base social de desesperanza á que os servizos sociais non poden dar máis que paliativos, mas en ningún caso solucións, pois o seu problema é estrutural. Os novos pobres que permiten para quen esté interesado en mirar a polarización social que se ven apresentando na sociedade Galega.

Quizá sexa esperanzador por unir en si mesmos desesperanzas e necesidades de xustiza. Desilusión de unha sociedade que se mira a si mesma xusta, democrática e culta, cando da de si xusto o contrario.

Esperanza en canto fusión das contradicións que esperan unha alternativa.

Alejo Rios

A propósito da LOE

Para non mudar, o goberno «socialista» fai-nos crer que esta nova lei chamada LOE (ou era LOU?) é a máis radical mostra de laicismo tolerante.

Entre tanta palabrería, encontramos un proxecto continuista e sen financiación. Primeiro son os tanques, as tanquetas e as subvencións á Duquesa de Alba, que xa é filla predilecta de Andalucía grazas a outro mangante, digo «socialista», chamado Chaves. Non retiran a relixión dos centros docentes, os profesores de relixión seguirán postos polo obispado e a Igrexa abrazará como fillo predilecto da súa fe ao especulador Vaticano.

No que nos toca ás mozas e mozos que sufrimos as delicias do Capital e do Estado, simplemente dicer-lles que por moita «educación para a cidadanía» e demais parvices do executivo de ZP, non pisaremos unha maldita sinagoga, non toleraremos os insultos que os VOSOS meos votan contra nós, como se fóramos unha pandilla de descerebrados mangantes

cheos de vicios. Ou é que o señor Fraga e o Touriño, e tamén o vicepresidente Quintana, non son máis impresentábeis que a maioría de nós? Que se deixen de politiquiar e que nos den exemplo sendo o que queren que sexamos: currelas en precario.

E como na futura casta precaria tamén os hai revoltosos e axitadores, é necesario rematar aludindo ao de sempre; manifestamó-nos a prol dun ensino laico sen sotanas, científico sen dogmas e racional sen verdades absolutas. Manifestamó-nos a prol de formar-nos como persoas e non como unha escada do sistema produtivo.

Hoxe aproban a LOE e mañá a Nova Reforma Laboral sob o silencio de CC.OO e UGT. Só a nosa mobilización social, a nosa protesta laboral e a nosa acción poderán facer fronte a goberno central e o bipartito.

¿Qué me dis? O que che conto

Unha historia verídica da loita obreira moderna

Aínda que este pequeno diálogo pareza froito da imaxinación literaria, podemos asegurar que a realidade supera a ficción. Evitamos dar o nome concreto da empresa porque poderíamos poñerlle o de calquera empresa privada subcontratada pola Xunta de Galicia. Poñamos como exemplo TRAGSA e as súas filiais.

Primeira parte. ¡Sindiquémonos todos na loita final!

Andaba eu a facer as miñas compras no supermercado do meu barrio cando de súpeto souo o teléfono de peto, tamén chamado móbil por eso de que podes andar a facer aspartamentos mentres falas.

- ¡Manuel!
- Dime Carmiña ¿Qué é da túa vida?
- Chámote Manuel para pedirte consello. Sei que andas nestas cousas dos sindicatos e... ben, que dentro dunha hora temos unha reunión no traballo e temos que decidir en cal sindicato vai cada un de nós... e vamos, que a ver se podes me dicir cal é o mellor.
- Pero, ¿De que estás a falar?
- Explícocho, non teño moito tempo. No meu traballo non temos Comité de Empresa nin tampouco enlaces sindicais. E andamos a montalo.
- Ah xa entendo. Tedes problemas e queredes saber como facer ¿Non é?
- Non exactamente. Problemas tivemos sempre, como en calquer outro sitio, pero agora co cambio de goberno e de responsables na Consellería, os nosos xefes teñen medo e queren meter

presión, e pensan que é mellor facelo como sindicatos...

- Pois certamente non chego a entender pero continua.
- Os xefes van montar un Comité e queren que nos presentemos polos sindicatos. E claro, eu nunca fun de ningún. Temos tres para escoller. CCOO, UGT e a CIG.
- Pero Carmiña, ti sabes ben que eu son anarquista e da CNT e que non comparto esas cousas das eleccións e dos Comités.
- Xa sei Manuel, pero eu non distingo entre uns e outros e sei que ti sempre nos andas a falar de que si os dereitos, que si os patróns... e pensei que me poderías aconsellar a escoller.
- Penso que non son formas. Ademais sabes que lle teño moita xenreira ós de CCOO e UGT, pero isto éche moi difícil de explicar por teléfono. Cóllesme en frío e eu non son amigo de falar polo cacharro este. Ademais non te escoito ben e teño que berrar, e os clientes do supermercado andan a mirarme raro polas cousas que che digo. En fin ti verás. Xa me contarás.

Segunda Parte. ¡Vivan os lexítimos representantes do pobo!

E as cousas quedaron así. Nunca máis volvíñ lembrarme do asunto. Hai ben pouco fun invitado a

cear na casa de Carmiña e mais o seu home. Son bos amigos. Acordouseme aquela conversa e pregunteille como acabara aquel asunto...

- Home Manuel. Non che contei que son Presidenta do Comité de Empresa. Pola CIG. Como foi de quen mellor falaches...
- ¿Que me dis?
- Pos mira, presenteime e levei 30 votos. Fun a que máis. Sacamos 2 delegados. CCOO levou outros dous e UGT quedou con un só. Somos un comité de 5 porque na empresa somos 75 traballadores. Estou moi contenta de sacar máis votos que ninguén. A estúpida de Consuelo foi pola UGT. Cáeme fatal.
- ¿Así que afiliácheste a CIG?
- Non. Para que vou a afiliarme. Son Independiente.
- ¿E os outros afiliáronse?
- Que non Manuel. Ninguén afiliouse. Todos somos Independentes.
- Dime que de 75 traballadores ninguén esta afiliado pero tedes 3 sindicatos. Pois si que estades ben. ¿Non sería mellor que forades todos polo mesmo, para estar unidos?.
- Pode, pero a Consuelo esa, que foi pola UGT, sempre foi unha pelota asquerosa, e por eso esco-

llín a CIG.

- Pero ¿Que sacades en limpo con todo isto?. Eu pensaba que o normal era que cando os traballadores tiñan un problema ían ós sindicatos para ter consello e cobertura legal e xurídica, cando menos. Pero esto que fixestes non sei que carallo é.
- Agora que son a Presidenta do Comité, debo cumprir coa miña responsabilidade. Sei que vai haber problemas e debo ter claro como actuar.
- ¿De que problemas falas?
- Hai 5 anos cando gobernaba na Consellería e na Xunta o PP, houbo varios despedidos que foron recurridos. Agora que está o BNG, parece que van volver 15 traballadores de aqueles. O fodido é que agora sobramos 15 da plantilla e como non temos contratos fixos, non imos ser renovados.
- Pois agora tes que pedirlle axuda a CIG, ¿non?
- Non é tan doado. Os que veñen son enchufados do Bloque, e tamén da CIG.
- Pois menudo lío. Agora tedes 3 sindicatos, un problema e non avanzastes nada nin en unidade nin en dereitos. Xa che dixen que as cousas non eran así Maruxa. Os traballadores teñen que unirse par defender os seus postos de traballo e unhas condicións dignas, en salarios, en horario...

- Tes toda a razón, pero mellor agora que non antes que non estabamos organizados. Agora polo menos temos un Comité.

- Si Carmiña. Tedes un Comité, pero non tedes un Sindicato tal como eu entendo. Tedes un monstro burocrático montado pola propia empresa que non sei que complicacións vanche traer. Mellor sería que ante un problema vos xuntaredes varias compañeiras e buscarades o xeito de defender os vosos intereses de traballadores. As siglas é o de menos. O importante sodes vos, e a vosa Dignidade.

- Xa empezas ti con esas cousas, non cambiaches nada, segues con esa cousas dos anarquistas como canda eras novo. Todo eso está moi ben, pero non sei que ten que ver cos nosos problemas... Como Presidenta do Comité de Empresa penso que deberíamos facer una comisión para discutir o sistema de representatividade e actuar conforme as resolucións adoptadas nos artigos 1,4 e 48 da lei de Subvencións a sindicatos máis representativos, e pedir unha entrevista co responsable da Consellería, para analizar as perspectivas dun axuste que os axentes sociais temos que considerar tendo en conta a situación real do sector, avaliar as consideracións e ... (bla, bla, bla).

- Como cambiou o conto!!!!